

PUNTO ACCESO ACCU



¿POR QUE É IMPORTANTE SER PUNTO ACCU- ASEO ACCESIBLE?

Debido a sintomatoloxía que padecen as persoas afectadas de Enfermedades Inflamatorias Intestinais e/ou persoas intervidas dun cancro do que se deriva esta consecuencia, teñen unha DISCAPACIDADE ORGÁNICA, que implica que sofren episodios continuados nos que se resenta de forma imprevista e imperiosa necesidade de acceder a servizos sanitarios/ cuartos de baño. Esta necesidade, cando se presenta, é EXTREMA, non pode demorarse, non poden agardar . É preciso que se lles facilite o acceso a un baño.

O Proxecto ACCESO ACCU (Proxecto Acceso A Crohn e colitis Ulcerosa) ven motivado polo alto incidente destas patoloxías crónicas e a aparición dos síntomas que afectan a numerosas persoas de nosa contorna, sendo primordial promover accións que melloren a calidade de vida das persoas afectadas e minimicen o impacto da enfermidade na vida persoal, laboral e social das persoas con estas patoloxías.

É moi frecuente que as persoas afectadas de EII sufran episodios continuados nos que se presenta a urxencia de acudir a un cuarto de baño. Estas circunstancias condicionan en moitos casos a vida persoal, social e laboral das persoas afectadas, xa que xeran inquietude, estrés e inseguridade, sobre todo, cando aparece a imposibilidade de acceder a un cuarto de baño.

Por iso, ACCU Ourense desenvolve o Proxecto ACCESO ACCU para lograr a **accesibilidade inmediata, libre e gratuíta** aos cuartos de baño dos organismos públicos e establecementos privados que estean adheridos ao proxecto.

¿COMO SEI QUE UNHA PERSOA TEN ACCESO ACCU?

As persoas con Acceso ACCU portarán un distintivo/carne que amosarán a persoa que o solicite.

O solo feito de portar este distintivo daralles **preferencia absoluta** para acceder aos aseos existentes no edificio público.



¿QUE TEÑO QUE FACER SE UNHA PERSOA ME AMOSA UN “ACCESO ACCU”?

- Non teño que parala nin facerlle pregunta algunha sobre o que precisa.
- Amosareille, inmediata e preferentemente, onde se atopan os aseos.
- Deixarei de atender momentaneamente ao público, ao teléfono etc., para poderlle indicar onde se atopan os aseos.
- No caso de que exista unha “cola de espera/ quenda” a persoa que amose o Acceso ACCU non terá que respectala, terá acceso libre .
- No caso de que á instalación que sexa ACCESO ACCU se acceda mediante previo pago (piscinas etc.), a persoa con Acceso ACCU estará totalmente exenta deste pago para o uso dos servizos de aseo.